

ASPECTOS BOTÁNICOS DAS EXCURSIÓNS DO GMG NO ANO 2007

por

E.SAHUQUILLO BALBUENA*

As excursións do GMG son saídas ao campo planificadas co obxectivo xeral de completar a información micolóxica de Galicia, pero tamén de dar a coñecer a súa riqueza natural. Por iso, considero relevante destacar outros aspectos florísticos das zonas visitadas ao longo do ano, que poden resultar de interese aos integrantes do Grupo, motivar a outros futuros participantes ou simplemente quedar como rexistro histórico.

O ano comezou cunha excursión a Illa de Arousa (Pontevedra) no mes de febreiro, enclave costeiro bioxeograficamente situado no sector Galaico-Portugués, dentro da provincia Cántabro-atlántica (Rexión Eurosiberiana). A excursión discorreu por dúas paraxes diferentes, primeiro dirixímonos ao Parque Natural do Carreirón, situado o sur da citada illa onde percorremos a senda que discorre polas dunas e se dirixe cara á lagoa do Carreirón. O longo da camiñada puidemos observar algunhas plantas en flor interesantes pola súa limitada distribución como os endemismos *Silene littorea* subsp. *littorea*, *Calendula suffruticosa* subsp. *algarbiensis*, *Viola kitabeliana* ou *Romulea clusiana*; ou destacables polas súas adaptacións como *Ammophila arenaria* subsp. *australis*, de distribución mediterránea e fixadora de dunas; tamén polo seu interese medicinal como *Glaucium flavum*, con alcaloides anticancerixenos e finalmente, algunha planta alóctona como *Stenotaphrum secundatum*, orixinaria de América tropical, especie moi agresiva que despraza a vexetación natural e que presentaba un porte moi robusto nalgunhas zonas. O segundo paraxe foi o Miradoiro do Santo, zona máis elevada da Illa, con 63m. Un impresionante afloramento granítico dende onde se observa unha ampla panorámica da illa e da ensenada do Grove, aínda que está parcialmente rodeado de eucalipto e piñeiro.

*Dpto. Biol. Animal, Biol. Vexetal e Ecoloxía. Fac. Ciencias. Universidade da Coruña. Campus A Zapateira s/n. E-15071-A Coruña. e-mail: elvira@udc.es

En marzo realizamos a saída á contorna da Ermida de Santa Magdalena situada nos montes que rodean Porto do Son (Noia, A Coruña), novamente no sector Galaico-Portugués da Galicia Eurosiberiana. Os montes que rodean a ermida están repoboados con *Eucalyptus globulus*, que nalgunhas zonas presentaba moi mal estado debido ao ataque do gurgullo *Gonipterus scutellatus*, orixinario do SW de Australia, que apareceu en Lourizán en 1991 e estendeuse a toda Galicia (MANSILLA et PÉREZ OTERO, 1996). A ermida está situada nun pequeno val moi encaixado no que destaca a fervenza, na parte superior da mesma sucédense unha serie de pozas de pequeno tamaño. A senda discorre pola beira do río e atravesa unha pequena carballeira hidrófila formada por carballo (*Quercus robur*), ameneiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*). Nesta zona foi sorprendente observar a abundancia do fento relicto terciario, *Davallia canariensis*, que co seu rizoma pardento e articulado (comúnmente coñecido co nome “pata de cabra”) dá-lle un aspecto primixenio á contorna. Ademais, tamén era destacable a presenza doutros fentos nas beiras da canle como *Osmunda regalis*, *Dryopteris affinis* e *Athyrium filix-femina*. Nesta época empezaban a florecer as anémones (*Anemona nemorosa*), os narcisos (*Narcissus triandrus*) e violas (*Viola palustris*). A comida foi preto da estrada nunhas mesas preparadas, onde observamos unha densa poboación de *Calitriche stagnalis*, nunha zona encharcada, planta que no noso país veciño se come en ensalada, sendo un prato delicado e apreciado.

O mes de abril levounos á contorna da cidade de Lugo e as illas do Miño onde visitamos unha carballeira característica do interior de Galicia (Subsector Lucense, Sector Galaico Portugués, Rexión Eurosiberiana), pertencente a *Vaccinio myrtilli- Quercetum roboris*. Trátase dunha carballeira caracterizada pola abundancia de arandeiras (*Vaccinium myrtillus*) onde puidemos observar xa en flor os narcisos (*Narcissus triandrus*), a umbelífera de gran tamaño e flores amarelas, *Thapsia villosa*, usada antigamente como purgante e as especies características dos bosques do occidente peninsular, como a saxifraga (*Saxifraga spathularis*) e o nomeolvides de bosque (*Omphalodes nitida*). Posteriormente visitamos a illa onde se atopa o Refuxio de pescadores de Seivane, no río Miño. Nesta zona, foi moi interesante camiñar polo ameneiral e observar dúas especies moi raras en Galicia, o lourentino ou bóla de neve, *Viburnum opulus* e o bonetero, *Euonymus europaeus*, plantas nativas de Europa e Asia, que na Península Ibérica están mellor representadas no N e NE. Ambas son propias de bosques umbríos e frescos, utilízanse como ornamentais e son tóxicas.

En maio visitamos o Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xures, ao sur da provincia de Ourense, en concreto os concellos de Muiños e Lobios. Trátase dunha zona de grande interese botánico pola súa situación bioxeográfica, entre os mundos Eurosiberiano e Mediterráneo. O encontro organizouse en

*Viburnum opulus**Euonymus europaeus*

dúas fases, o sábado visitamos a contorna da capela da Chamadoira (Muguei-mes), no concello de Muiños, onde é interesante destacar a localización dunha pequena poboación da orquídea, *Neotinea maculata*, moi afastada doutras localidades coñecidas. Nesta zona a camiñada discorre por un bosque de rebolo (*Quercus pyrenaica*), representativo das reboleiras supramediterráneos que pertencen á asociación *Holco mollis-Querceto pyrenaicae* e pola matogueira asociada con *Halimium alyssoides*, *Erica umbellata* e *Ulex europaeus*. Nesa xornada realizamos unha interesante visita etnográfica a o campamento romano de Aquis Querquennis só visible cando o nivel do encoro das Cunchas está baixo. Ao día seguinte o mal tempo impediunos gozar dunha tranquila camiñada, pero fomos ata o pobo de Olelas (concello de Lobios) situado na Serra do Quinxo, onde as súas pequenas casas de pedra agrúpanse na ladeira do encaixado val do río Barcia.

En xullo volvemos ao mundo atlántico, coa excursión á Illa de Ons (Pontevedra) que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Durante o percorrido realizado cara á Furna do inferno, puidemos observar o único endemismo exclusivo das illas, a xesta insular, *Cytisus insularis* S.Ortiz et Pulgar (ORTIZ et al., 2001), de follas unifoliadas e legume plano e totalmente villosa. A cuberta vexetal da illa está dominada pola matogueira de toxos (*Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus*), uces (*Erica cinerea*, *E. umbellata* e *Calluna vulgaris*), carpazas (*Cistus salviifolius*) e xestas (*Cytisus striatus*), acompañados de dúas especies de carácter mediterráneo como o torvisco (*Daphne gnidium*) e a retama

tola (*Osyris alba*). A vexetación arbórea autóctona é moi escasa pero aínda se pode observar algún cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e carballos dispersos (*Quercus robur*), sendo os piñeiros (*Pinus pinaster*) e os eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), xunto ás acacias (*Acacia melanoxylon*) e falsas acacias (*Robinia pseudocacia*), os máis abundantes. Na fuma do Inferno, púidose observar o endemismo do NW peninsular, *Angelica pachycarpa* e degustar o allo común, *Allium sphaerocephalum*, propio do oeste, centro e sur de Europa.



Cytisus insularis de Ons



En setembro realizamos unha visita aos sobreirais do río Arnego afluente do Ulla, en Carmoega (A Golada, Pontevedra), considerado LIC (Lugar de Interese Comunitario), sendo unha zona de especial protección polos seus valores naturais. Trátase dunha masa forestal representativa do bosque atlántico (*Rusco aculeati* - *Quercetum roboris*) do sector Galaico-Portugués (Rexión Eurosiberiana), pero que debido á influencia mediterránea, está acompañado de sobreiras (*Quercus suber*), actualmente fora da súa área de distribución natural. Esta especie forma masas case puras nalgúns puntos e con algúns exemplares de gran tamaño. Durante o percorrido puidemos observar ademais outras especies máis abundantes no mundo mediterráneo como *Erica scoparia*, un brezo de flores amarelo verdeal, *Anarrhinum duriminium* endemismo do NW peninsular, a trepadora *Rubia peregrina* e o trobisco, *Daphne gnidium*. Na excursión púxose en evidencia o mal estado fitosanitario dalgúns exemplares debido, entre outras causas, á explotación abusiva da cortiza, polo que será necesaria unha protección máis activa e estrita se se quere asegurar a súa supervivencia.

En outubro visitamos o municipio de Sober, situado a o Sur da Provincia de Lugo, na Ribeira Sacra, onde fixemos un percorrido polos miradoiros sobre o río Sil. En concreto a ruta seguida foi a dos miradoiros das Cadeiras, de Santiorxo e do Cotorro I e II, todos eles con espléndidas panorámicas sobre o cañón do río Sil, os seus viñedos en socalcos, Mosteiros e Santuarios. Esta zona situada na Rexión Mediterránea galega, no sector Ourensán-Sanabriense, presenta un clima atlántico continental con influencia mediterránea. Nos miradoiros puidemos observar algunhas especies de matogueira non moi abundantes en Galicia como *Cistus populifolius* e outros acompañantes máis habituais no ambiente mediterráneo galego como a esteva (*Cistus ladanifer*), o érbedo (*Arbutus unedo*), o cantroxo (*Lavandula stoechas* subsp. *sampaiana*), o ourego (*Origanum virens*). Nas zonas máis elevadas e fóra do cañón a matogueira estaba formada pola carqueixa (*Chamaespartium tridentatum*), uceiras (*Erica umbellata* e *E. cinerea*) e carpazas (*Cistus psilosepalus*).

En novembro reunímonos en Melón (Pontevedra), de novo no sector Galaico-Portugués (subsector Miñense, Rexión Eurosiberiana) para realizar un percorrido pola carballeira próxima ao pobo de Tourón que descende cara ao muíño e a fervenza da Cachoeira. O bosque que atravesamos é unha mestura entre a carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*) e o bosque de ribeira (*Senecio bayonensis-Alnetum*). Neste paseo foi destacable a presenza de castiñeiros de gran tamaño, do sanguíño (*Frangula alnus*) e da *Linaria triornithophora*, ademais da matogueira con *Erica cinerea*, carqueixa (*Chamaespartium tridentatum*), queiruga (*Calluna vulgaris*), ambos toxos (*Ulex minor* e *U. europaeus*) e o *Anarrhinum bellidifolium*, escrofulariácea de pequenas flores azuis. Na fervenza a presenza de especies como *Narthecium ossifragum* en fruto, propia das brñas de montaña o de *Carex pendula*, ciperácea de rechamantes inflorescencias unisexuales largas e colgantes, propia de cursos de auga de zonas acedas. Para terminar o día visitamos o Mosteiro de Santa María de Melón, onde nos sorprendeu un pequeno bosque de acivros (*Ilex aquifolium*), con exemplares de gran tamaño, rodeado de aveleiras (*Corylus avellana*), pradairos (*Arce pseudo-platanus*), bidueiros (*Betula pendula*) ademais de dous exemplares de gran tamaño de salgueiro (*Salix caprea*) e de piñeiro vermello, *Pinus sylvestris*.

BIBLIOGRAFÍA

- MANSILLA, J.P. et PÉREZ OTERO, R. 1996. El defoliador del eucalipto *Gonipterus scutellatus*. *Phytoma España* 81: 36-42.
- ORTIZ, S., PULGAR, I. et IGLESIAS, I. 2001. A new species of *Cytisus* Desf. (*Fabaceae*) from islands of the west coast of Galicia (North-West Iberian Peninsula). *Bot. J. Linn. Soc.* 136(3): 339-344.